

RESOLUCIÓN REITORAL DO 6 DE NOVEMBRO DE 2020 SOBRE A ACTIVIDADE NON PRESENCIAL DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA NO MARCO DA SITUACIÓN SANITARIA ACTUAL POR MOR DO COVID19.

No Boletín Oficial do Estado número 282 do 25 de outubro pasado publicouse o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (real decreto aprobado polo Congreso mediante resolución publicada no BOE do 4 de novembro).

Ese real decreto prorrogouse polo Real Decreto 956/2020, do 3 de novembro, publicado no BOE núm. 292 do 4 de novembro. A duración desta prórroga, segundo o seu artigo 2, é ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021.

Desde a entrada en vigor do estado de alarma no ámbito estatal regulado nos reais decretos sinalados, no ámbito galego ditouse o Decreto 178/2020, do 30 de outubro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (DOG núm. 219 bis do 30-10-2020) e ordes da Consellería de Sanidade do 30 de outubro polas que se establecen medidas de prevención en determinados ámbitos territoriais como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 (DOG núm. 220 do 31-10-2020).

E, finalmente, no DOG número 223-bis do día 4 de novembro, publicáronse: o Decreto 179/2020, do 4 de novembro, do presidente da Xunta de Galicia, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, e a Orde da Consellería de Sanidade do 4 de novembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

A situación sanitaria actual que motiva a necesidade establecer as medidas que se determinan nas distintas normas estatais e galegas referenciadas, evidencian a conveniencia de regular no ámbito da Universidade da Coruña a prestación do servizo na modalidade non presencial nas súas dependencias administrativas de tal xeito que se permita transitoriamente en tanto dure a situación sanitaria.

Código Seguro De Verificación	NPRONRQ+LzjMJUsxyUA2aw==		
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Estado	Data e hora
Observacións		Asinado	05/11/2020 21:09:12
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NPRONRQ+LzjMJUsxyUA2aw==		
		Páxina	1/3



Así pois, e dado que o obxectivo prioritario da Universidade da Coruña é protexer a saúde do conxunto da comunidade universitaria, no marco das disposicións ditadas polas autoridades estatais e autonómicas, RESOLVO:

1º.- O persoal de administración e servizos da UDC, con carácter xeral, poderá desenvolver o seu traballo na modalidade non presencial, de xeito voluntario, cos seguintes condicionantes:

- As persoas responsables de cada unidade administrativa organizarán quendas entre o seu persoal para alternar aquelas persoas que desenvolverán o seu traballo de xeito presencial e aquelas que o realizarán non presencial.
- As quendas realizaranse segundo as necesidades do servizo e procuraranse que sexan equitativas.
- As quendas organizaranse en rotacións semanais.
- As persoas responsables de cada unidade administrativa procurarán que haxa unha prestación do servizo presencial garantindo que haxa un mínimo do 50 % do persoal total da unidade.
- Garantirase a correcta prestación do servizo público e a axeitada atención ás persoas usuarias da Universidade da Coruña.
- As persoas que desenvolvan o traballo non presencial deben ter coñecementos informáticos e telemáticos, teóricos e prácticos, que garantan a súa aptitude para este fin.
- As persoas que desenvolvan o traballo non presencial deben ter equipo informático propio.
- As persoas que desenvolvan o traballo non presencial deben dispor de conexión a Internet estable e co largo de banda suficiente para o acceso a rede da Universidade da Coruña.
- A atención telefónica será no horario da xornada diaria da persoa que estea a traballar na modalidade non presencial. Fóra dese horario a persoa ten dereito á desconexión dixital.

2º.- Non poderá desenvolver o seu traballo na modalidade non presencial o persoal que ocupe, ou desenvolva as funcións, algún dos seguintes tipos de postos:

- a) Postos en oficinas de rexistro e atención e información á cidadanía que teñan atención ao público. Poderán aquelas persoas que poidan desenvolver as súas funcións de xeito telemático segundo a persoa responsable da unidade.
- b) Postos de persoal condutor, distribución e correos.
- c) Postos de persoal de conserxería.
- d) Postos de secretarías de cargos.

Páxina 2 de 3

Código Seguro De Verificación	NPRONRQ+LzjMJUsxyUA2aw==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor		Asinado	05/11/2020 21:09:12
Observacións			Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/NPRONRQ+LzjMJUsxyUA2aw==			



- e) Postos que impliquen o manexo de información e acceso a datos non dixitalizados.
- f) Postos de técnicos/as de cultura e técnico/as de deportes.
- g) Postos de técnicos/as de laboratorio.
- h) Postos de bibliotecas e arquivo que teñan atención ao público. Poderán aquelas persoas que poidan desenvolver as súas funcións de xeito telemático segundo a persoa responsable da unidade.
- i) Unidade de Atención Telefónica.
- k) Oficina de Protocolo.
- j) Comunicación e Medios Audiovisuais. Poderán aquelas persoas que poidan desenvolver as súas funcións de xeito telemático segundo a persoa responsable da unidade.
- l) Mariñeiro.
- m) Socorristas.
- n) Postos cunhas funcións que esixan necesariamente a prestación de servizos presenciais, entendéndose por tales os que a súa prestación efectiva só quede plenamente garantida coa presenza física da persoa traballadora.

3.- A persoa responsable da unidade enviará a Xerencia ao enderezo: servizo.pas@udc.gal, o venres de cada semana, a previsión de persoas que a seguinte realizarán o seu traballo na modalidade non presencial.

O modelo da relación de persoas pode ser o seguinte:

UNIDADE ADMINISTRATIVA:	
SEMANA DO DÍA O DÍA...:	
APELIDOS E NOME	DÍAS DA SEMANA DE TRABALLO NON PRESENCIAL

Unha vez realizada a comunicación á Xerencia, formularase opor cada unha das persoas a solicitude individualizada a través do portal do persoal (categoría “teletraballo”).

4º.- A presente resolución reitoral entrará en vigor o vindeiro luns, 9 de novembro de 2020. O remate da súa vixencia realizarase mediante resolución reitoral expresa.

Asinado dixitalmente polo reitor da UDC